

CRITERIOS DE APLICACIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA DO REAL DECRETO-LEI 10/2020, DE 29 DE MARZO, POLO QUE SE REGULA UN PERMISO RETRIBUÍDO RECUPERABLE PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS POR CONTA ALLEA QUE NON PRESTEN SERVIZOS ESENCIAIS, CO FIN DE REDUCIR A MOBILIDADE DA POBOACIÓN NO CONTEXTO DA LOITA CONTRA O COVID-19.

I. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Os criterios de aplicación recollidos neste documento refírense ás seguintes disposicións:

- Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.
- Orde SND/307/2020 de 30 de marzo, pola que se establecen os criterios interpretativos para a aplicación do Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, e o modelo de declaración responsable para facilitar os traxectos necesarios entre o lugar de residencia e de traballo.
- Nota interpretativa de 31 de marzo do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo para o sector industrial sobre a aplicación do Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais.

II. ALCANCE DOS CRITERIOS.

Estes criterios establecidos pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia pretenden determinar as actividades que se encadran no Anexo do Real Decreto-lei, e por tanto, ao obxecto de que sexan consideradas como asimilables ás actividades esenciais.

Así mesmo, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, esixe ás empresas que poidan seguir desenvolvendo a súa actividade que prioricen a seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras; así como a necesidade de axustar a súa actividade á proporcionalidade que existen as lóxicas dificultades asociadas á conxuntura actual.

III. ESTRUTURA ADOPTADA.

No Anexo do RDL 10/2020 contéplanse as actividades que aínda non tendo a natureza de esenciais non será obxecto de aplicación o permiso retribuído regulado, que considerando a interpretación realizada polo Ministerio de Industria, Comercio y Turismo na súa Nota de data 31 de marzo, se conclúe que:

“La industria manufacturera se considera esencial en la medida en que su actividad sea necesaria y esté destinada a proveer de los bienes y materiales necesarios para el desarrollo de los sectores esenciales establecidos en el anexo del Real Decreto-ley.

*Asimismo, de acuerdo con lo señalado en el apartado 5 del anexo, **la industria manufacturera deberá emplear únicamente aquellos trabajadores que sean imprescindibles para garantizar esta actividad**, es decir, el suministro de bienes y materiales para las actividades consideradas esenciales y relacionadas anteriormente, aplicándose al resto de las personas el permiso retribuido recuperable previsto en el artículo 2 del Real Decreto-ley”*

Por este motivo, procedeuse nun primeiro apartado a determinar a industria manufactureira cuxa actividade é necesaria e está destinada a prover dos bens e materiais necesarios para o desenvolvemento dos sectores esenciais, identificándoa polos seus CNAE.

Por outra parte, e seguindo os criterios interpretativos do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, para o resto de actividades industriais que **non realicen unha actividade imprescindible para o correcto desenvolvemento dos citados sectores esenciais, non terán a consideración á súa vez de sector esencial e**, por tanto, seralles de aplicación o previsto no **artigo 4 do Real Decreto-lei**.

Entendemos que nestes casos nos que ten que existir un mantemento mínimo da actividade industrial hai que entendela especialmente prescrito para aquelas instalacións industriais cuxa parada prolongada durante varios días cause danos que imposibiliten ou dificulten a súa nova posta en produción ou que xere risco de accidentes, e tamén para aquelas outras que teñen, no período temporal ao que se refire o RDL, que manter a seguridade das explotacións e/ou instalacións ao obxecto de evitar danos para persoas e para o medio ambiente e medio natural, deberán fixar uns reténs mínimos de actividade que deberán de ser formalmente comunicados á Delegación do Goberno en Galicia.

Recóllese un terceiro apartado referido ás actividades de importación e exportación, seguido dun cuarto apartado dedicado aos autónomos e un quinto e último referido á actividade de representación sindical.

IV. CONTIDO.

Primeiro: Que a industria manufactureira esencial para **prover dos bens e materiais necesarios para o desenvolvemento dos sectores esenciais** establecidos no anexo do Real Decreto-lei 10/220, é a correspondente aos seguintes CNAE:

1. Industria **TÉXTIL**:

- **1320.-** Fabricación de tecidos téxtiles.
- **1396.-** Fabricación de outros produtos téxtiles de uso técnico e industrial.
- **1399.-** Fabricación de outros produtos téxtiles n.c.o.p.

2. Industria de **CONFECCIÓN DE PRENDAS DE VESTIR**:

- **1412.-** Confección de roupa de traballo.

3. Industria da **MADEIRA E DA CORTIZA, EXCEPTO MOBLES; CESTERÍA E ESPARTERÍA:**

- **1610.-** Aserradoiro e cepillado da madeira.
- **1621.-** Fabricación de chapas e tableiros de madeira.
- **1624.-** Fabricación de envases e embalaxes de madeira.
- **1629.-** Fabricación doutros produtos de madeira; artigos de cortiza, cestería e espartería.

4. Industria do **PAPEL:**

- **1711.-** Fabricación de pasta papeleira, papel e cartón.
- **1712.-** Fabricación de papel e cartón.
- **172x.-** Fabricación de artigos de papel e de cartón.

5. Actividades de subministración á industria da **MADEIRA E O PAPEL, E TRABALLOS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS.**

- **0210.-** Silvicultura e outras actividades forestais.
- **0220.-** Explotación da madeira.

6. Industria da **COQUERIA E REFINOS DE PETRÓLEO:**

- **1910.-** Coquerías.
- **1920.-** Refino de petróleo.

7. Industria **QUÍMICA:**

- **201x.-** Fabricación de produtos químicos básicos, compostos nitroxenados, fertilizantes, plásticos e caucho sintético en formas primarias.
- **2041.-** Fabricación de xabóns, deterxentes e outros artigos de limpeza e abrillantamento.

8. Industria da **FABRICACIÓN DE PRODUTOS FARMACÉUTICOS:**

- **2110.-** Fabricación de produtos farmacéuticos de base.
- **2120.-** Fabricación de especialidades farmacéuticas.

9. Industria da **FABRICACIÓN DE PRODUTOS DE CAUCHO E PLÁSTICOS:**

- **2211.-** Fabricación de pneumáticos e cámaras de caucho; reconstrución e recauchutado de pneumáticos.
- **222x.-** Fabricación de produtos de plástico.



10. Industria da **FABRICACIÓN DOUTROS PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS:**

- **231x.-** Fabricación de vidro e produtos de vidro.
- **2342.-** Fabricación de aparatos sanitarios cerámicos.
- **2343.-** Fabricación de illadores e pezas illantes de material cerámico.
- **2344.-** Fabricación doutros produtos cerámicos de uso técnico.

11. Industria da **FABRICACIÓN DE ELEMENTOS DE FORMIGÓN, CEMENTO E XESO:**

- **2363.-** Fabricación de formigón fresco.

12. Industria da **METALURXIA; FABRICACIÓN DE PRODUTOS DE FERRO, ACEIRO E FERROALIXES:**

- **2410.-** Fabricación de produtos básicos de ferro, aceiro e ferroalixes.
- **2420.-** Fabricación de tubos, tubaxes, perfís ocos e os seus accesorios de aceiro.
- **243x.-** Fabricación doutros produtos de primeira transformación do aceiro.
- **244x.-** Produción de metais preciosos e doutros metais non férreos.
- **245x.-** Fundición de metais.

13. Industria de **FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS, EXCEPTO MAQUINARIA E EQUIPO.**

- **252x.-** Fabricación de cisternas, grandes depósitos e contedores de metal.
- **2530.-** Fabricación de xeradores de vapor, excepto caldeiras de calefacción central.
- **259x.-** Fabricación doutros produtos metálicos.

14. Industria da **FABRICACIÓN DE MATERIAL E EQUIPO ELÉCTRICO:**

- **271x.-** Fabricación de motores, xeradores e transformadores eléctricos, e de aparatos de distribución e control eléctrico.
- **273x.-** Fabricación de cables e dispositivos de cableado.

15. Industria da **FABRICACIÓN DOUTRO MATERIAL DE TRANSPORTE:**

- **3011.-** Construción de barcos e estruturas flotantes.
- **309x.-** Fabricación doutro material de transporte n.c.o.p.

16. Industria de **REPARACIÓN E INSTALACIÓN DE MAQUINARIA E EQUIPO:**

- **331x.-** Reparación de produtos metálicos, maquinaria e equipo.
- **332x.-** Instalación de máquinas e equipos industriais.

Segundo.- Que a actividade industrial non incluída nos CNAE anteriormente reflectidos poderán manter unha actividade mínima imprescindible (mediante quendas de traballo ou número mínimo de cadro de persoal) tendo como punto de referencia a actividade de fins de semana ou festivos e nos casos onde a actividade industrial non teña esta referencia terase en conta o período de máis baixa produción. Sempre e cando teña que haber un mantemento mínimo da actividade industrial hai que entendela especialmente prescrito para aquelas instalacións industriais cuxa parada prolongada durante varios días cause danos que imposibiliten ou dificulten a súa nova posta en produción ou que xere risco de accidentes, e tamén para aquelas outras que teñen, no período temporal ao que se refire o RDL, que manter a seguridade das explotacións e/ou instalacións ao obxecto de evitar danos para persoas e para o medio ambiente e medio natural.

Este mantemento mínimo da actividade industrial **deberá** de ser comunicada polas empresas á Delegación do Goberno, para que teña constancia dos reténs mínimos establecidos.

Terceiro.- As **actividades de importación e exportación** de todo tipo de produtos, bens e materiais, na medida en que se configuran como clave do abastecemento ou do cumprimento de compromisos de contratos internacionais quedarán exceptuadas da aplicación do Real Decreto-lei 10/2020.

Cuarto.- O permiso retribuído recuperable unicamente resulta de aplicación ás persoas traballadoras por conta allea. Por tanto, **as persoas traballadoras por conta propia quedan fóra do seu ámbito de aplicación** e poden seguir traballando se a súa actividade non foi suspendida polo estado de alarma.

Quinto.- As actividades de representación sindical e patronal non están afectadas polas restricións de mobilidade contidas, co fin de garantir a asistencia e asesoramento a persoas traballadoras e empregadoras, pois faise necesario en moitas empresas e institucións acudir ás consultas e a negociación coa representación dos traballadores.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2020

Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia

Francisco Conde López